

As relacións entre Polonia e Rusia: O pasado que bloquea o futuro

Mercedes Herrero de la Fuente

Introdución

As relacións entre Polonia e a Federación Rusa deterioráronse nos derradeiros dous anos, debido basicamente a dous factores. Por unha banda, a estratexia agresiva e a miúdo chea de resentimento adoptada pola administración polaca, liderada entre 2005 e 2007 polos conflictivos xemelgos Kaczynski. Por outra banda, o xiro experimentado pola política exterior rusa que, tras varios anos de obrigada debilidade, debido á crise económica e á fragilidade do propio Estado, intenta recuperar a iniciativa fronte aos Estados Unidos e a Unión Europea.

Os conflitos entre Varsovia e Moscova desenvolvéronse en máis dun escenario. Sen dúbida, o máis importante é o ámbito da seguridade, ao negociar a instalación do escudo antimísiles estadounidense en territorio polaco. Este feito foi denunciado por Rusia como unha ameaza á actual relación estratéxica de forzas militares. En realidade, nas protestas expresadas polo Kremlin nos últimos meses hai unha forte compoñente psicolóxica: a antiga superpotencia tivo que soportar numerosas humillacións, pero agora quere recuperar o seu espazo de poder na comunidade internacional.

En segundo lugar, a confrontación produciuse no plano político ao promover Polonia a famosa “Revolución Laranxa” ucráína en 2004. Este proceso traducíuse nunha gran perda de influencia sobre as políticas de Kiev por parte de Moscova. Ucraína manifestou claramente a súa intención de ingresar tanto na OTAN coma na UE nun futuro próximo. Por último, os enfrontamentos afectaron ás relacións económicas, xa que Rusia boicotea dende hai dous anos a exportación de produto agropecuarios polacos. A intervención de Bruxelas non conseguiu terminar coa situación de bloqueo. Por outra banda, este desencontro afectou moi negativamente os intercambios económicos entre Rusia e a Unión Europea, xa que Polonia impediu calquera novo acordo comercial entre as instancias comunitarias e as rusas.

O recente cambio de goberno en Polonia⁽¹⁾ podería impulsar as negociacións necesarias para superar os conflitos con Rusia. As liñas da nova política exterior

(1) En outubro de 2007, celebrouse en Polonia eleccións anticipadas. A ruptura da fráxil coalición de goberno encabezada pola dereita católica que representa o partido Lei e Xustiza foi a causa desta convocatoria por adiantado. O centro liberal do Movemento Cívico, ata entón o principal partido da oposición, obtivo o 41,4% dos votos co apoio entre outros dos mozos e dos moitos polacos que, nos últimos anos, tiveron que emigrar a outros países de Europa, como Gran Bretaña. Hai que resaltar ademais, a hecatombe electoral das dúas pequenas formacións de carácter populista e radical que, dende maio de 2005, formaban gabinete con Lei e Xustiza. A súa impresentable traxectoria no goberno, baseada nun discurso intolerante e extremista, foi castigada polos cidadáns polacos, de modo que perderon todos os seus escaños no Parlamento. A posible implicación do líder dunha delas, Andrzej Lepper, á fronte de Samoobrona, nun escándalo de corrupción destapado no verán de 2007, influíu sen dúbida nestes resultados.

anunciadas polo novo primeiro ministro, o liberal Donald Tusk, prevén mellorar as relacións cos seus veciños⁽²⁾. Pero é probable que haxa que esperar a que se resolvan as eleccións presidenciais rusas de 2008 para poder contar cunha actitude máis conciliadora tamén por parte do Kremlin.

1. O conflito arredor do escudo antimísiles estadounidense

Este proxecto, que se atopa na fase final da súa negociación, consiste na instalación en territorio polaco dun escudo antimísiles, que contará con dez interceptores para mísiles balísticos de longo alcance⁽³⁾. Completarase cunha estación de radares na República Checa, capaz de vixiar un radio de 5.000 km, (incluíndo a zona máis oriental da Federación Rusa). Ambos os dispositivos poden estar operativos en 2001.

Trátase dunha ampliación do sistema global de defensa antimísiles estadounidense que, polo momento, conta con dúas bases en Alasca e California. O obxectivo de construír unha parte deste sistema en Europa do leste radica na posibilidade de ter que facer fronte a un ataque con mísiles dende Irán ou Corea do Norte.

1.1. A oposición frontal da Federación Rusa

A proposta provocou as iras de Rusia, que percibe a construción do escudo antimísiles como un factor que desestabiliza o equilibrio estratéxico existente en Europa e síntese ofendida polas últimas actuacións de Washington en Ucraína e no Cáucaso. O Kremlin considera estas últimas incursións descaradas na súa tradicional zona de influencia.

A posición de Moscova recréase a medida que os planos se van detallando. As declaracións de Vladimir Putin en febreiro de 2007, cando se atopaba na Conferencia de Seguridade celebrada en Múnic, foron reveladoras. Ante a presenza de numerosos líderes europeos, o presidente ruso acusou a Estados Unidos de impoñer un novo “Muro de Berlín en Europa”⁽⁴⁾. Criticou a futura ampliación da OTAN, que incluíría a Xeorxia e a Ucraína, e asegurou que non vai dirixida á súa modernización.

O seguinte paso foi a retirada en xullo de 2007 do Tratado de Forzas Armadas Convencionais en Europa (CFE) que, dende 1990, serviu para reducir o arsenal militar no vello continente. A decisión produciuse nun momento de punto morto das negociacións para ratificar o chamado CFE II, polo que o acordo de 1990 se adaptaría ao contexto actual, moi diferente ao existencia hai case dúas décadas. Daquela, o

(2) Entre as medidas en política exterior declaradas polo novo xefe de goberno destacan: a retirada en 2008 dos 1.200 soldados polacos despregados en Iraq, a adopción do euro en 2012 e a firma da Carta de Dereitos Fundamentais, incluída no anexo do Tratado da UE, acordado no derradeiro cumio de Lisboa. Tales actuacións representarían un xiro na política exterior de Varsovia.

(3) É dicir, cun radio de acción superior a 3.000 km.

(4) Transition Online (<http://www.tol.cz/>), 16 de febreiro de 2007.

Pacto de Varsovia era aínda o gran inimigo da OTAN e non existían algúns dos estados que hoxe son socios atlánticos e comunitarios, como os países bálticos⁽⁵⁾.

Moscova demandou a sinatura do CFE II por parte da Alianza Atlántica, pero esta organización supeditou dita rúbrica á retirada das bases militares e as tropas rusas de Moldova e Xeorxia. Isto último foi acordado por Boris Ieltsin en 1999, dentro dos denominados Acordos de Istambul, pero Putin insiste en que ambas cuestións non teñen ningunha conexión.

Xunto a esta postura, considerada por algúns como desafiante, Moscova expresou tamén as súas propostas de negociación. Na reunión do G-8 celebrada en xuño de 2007, Putin pediu unha maior implicación da OTAN e, ademais, ofreceu a base de Gabala, no sur de Acerbaixán⁽⁶⁾, como alternativa ao proxecto antimísiles en Polonia e a República Checa.

Os Estados Unidos apenas considerou dita alternativa. Pero en todo momento tentou calmar os ánimos do Kremlin, asegurando que o escudo en territorio polaco non vai dirixido contra Rusia e que as súas pequenas dimensións resultan irrelevantes fronte ao gran arsenal nuclear que posúe Moscova.

Aínda así, a Federación Rusa desconfía das intencións de Estados Unidos e formula unha serie de cuestións ao respecto. A primeira céntrase na capacidade de Irán para lanzar mísiles de longo alcance, xa que na actualidade só conta cuns 20 Sharab-3 que poden ser lanzados a unha distancia 1.500 km e cuxa precisión está por debaixo do nivel óptimo. É pouco probable que Teherán poida contar con mísiles cun alcance de máis de 5.000 km antes de 2015⁽⁷⁾. Por outra banda, en canto a Corea do Norte, tamén os seus mísiles precisarían de importantes melloras para alcanzar Europa oriental. E, no suposto caso dun ataque, por que colocar mísiles en Europa cando existe unha distancia moito menor dende o territorio dos Estados Unidos no océano Pacífico? A administración rusa teme ademais que, dada a velocidade con que a tecnoloxía avanza, o escudo antimísiles en Polonia sexa o xermolo dunha instalación moito máis sofisticada no futuro.

Non hai que esquecer nesta análise un factor de carácter psicolóxico. As mencionadas declaración de Putin en Múnic mostran por primeira vez que a tolerancia de Rusia respecto á política exterior estadounidense tocou teito. Hai que recoñecer que nos últimos anos Moscova aceptou sen apenas resistencia en cuestións tan relevantes como a ampliación da OTAN, por máis que esta fora en contra dos seus intereses. A grave crise económica e a debilidade das institucións estatais impedían a este país adoptar unha posición máis belixerante. Pero a recuperación da súa economía, baseada sobre todo na exportación de enerxía, e o fortalecemento da figura

(5) Hoxe son novos membros da OTAN: Bulgaria, Eslovaquia, Eslovenia, Hungría, Polonia, a República Checa e Romanía, ademais de Estonia, Letonia e Lituania, estados xurdidos tras a desintegración da Unión Soviética.

(6) Trátase dunha herdanza da época soviética. A Federación Rusa conserva dita base en réxime de *leasing* ata polo menos o 2012. En calquera caso, as autoridades acerbaxanas amosaron as súas reservas, porque este país mantén relacións bastante estreitas con Irán, en cuxo territorio vive unha minoría azerí.

(7) KONOVALOV, Ivan: *El escudo antimísiles norteamericano en Europa y la respuesta de Rusia*, ARI Instituto Elcano, nº 101, outubro 2007, p1.

presidencial, representada por Putin, fixeron que o Kremlin formulase unha política exterior máis ofensiva, coa que se pretende recuperar a iniciativa fronte a Occidente.

A cuestión do escudo antimísiles foi exposta hai máis de cinco anos, sen que Moscova amosase ao respecto unha oposición frontal. A súa postura endureceuse no derradeiro ano, en gran parte debido á recuperación de Rusia como potencia e, en segundo termo, ante a proximidade das eleccións presidenciais neste país, que terán lugar en 2008.

1.2. O entusiasmo de Polonia

Mentres tanto, os sucesivos gobernos polacos amosáronse bastantes proclives ao proxecto, dende que empezou a se discutir no 2001. O presidente Lech Kaczynski non dubidou en amosar seu entusiasmo e, ante as protesta de Moscova, limitouse a declarar que o seu país non utilizará o escudo antimísiles contra ningún “estado normal”⁽⁸⁾.

Tras as últimas eleccións xerais en Polonia celebradas en outubro, polas que a dereita radical representada polos irmáns Kaczynski perderon o goberno, non se espera que a posición deste país varíe substancialmente. Si é certo que o novo primeiro ministro, o liberal Donald Tusk, manifestou a súa intención de mellorar as deterioradas relacións cos seus veciños e podería talvez mostrar unha actitude menos entregada aos planos dos Estados Unidos, nun intento de rebaixar a tensión con Rusia.

Por outra banda, dende a presidencia, que estará ocupada por Lech Kaczynski ata 2010, existe a posibilidade de vetar as decisións do parlamento. Por iso, calquera proposta en contra dos intereses do partido do presidente podería ser freada. A cámara baixa precisa dunha maioría de tres quintos para superar o veto presidencial. As dúas formacións que integran a nova coalición de goberno non contan con dita maioría, polo que dependerían da colaboración da terceira forza do país, a socialdemócrata Esquerda e Democracia, herdeira do antigo Partido Comunista⁽⁹⁾.

Sobre o apoio da opinión pública, parece que os cidadáns polacos comezan a estar cada vez menos convencidos da utilidade da alianza militar con Estados Unidos. Segundo unha enquisa publicada no diario *Zycie Warszawy*, o 53% da poboación oponse ao escudo antimísiles, mentres só un 25% manifesta un apoio claro⁽¹⁰⁾. No caso da República Chega, o 65% dos enquisados rexeita o proxecto de instalar unha base de radares dentro das súas fronteiras⁽¹¹⁾.

(8) Associated Press (<http://www.ap.org/>), 19 de febreiro de 2007.

(9) Polo momento, e antes de chegar a formar gabinete, o conflito en torno ao novo ministro de Exteriores xa se produciu. O presidente polaco amosou a súa intención de vetar ao candidato proposto por Tusk, o ata hai uns meses titular de Defensa, Radoslaw Sikorki. Este home dimitiu do seu cargo tras un conflito co anterior primeiro ministro en relación a un dos algos cargos do ministerio de Defensa, o cal acusaba a Sikorski de ocultar datos sobre a actuación das tropas polacas en Afganistán. Como consecuencia deste desencontro Sikorski abandonou tamén o partido Lei e Xustiza. Agora o presidente acúsalle de violar o protocolo nacional de seguridade, revelando información clasificada.

(10) Axencia Pentor, unha mostra de 800 adultos cunha marxe de erro do 3,5%. *Zycie Warszawy*, (<http://www.zw.com.pl/>), 23-25 de febreiro de 2007.

(11) Center Public Opinion Research, datos publicados en Transition Online (<http://www.tol.cz/>), 14 de agosto de 2007.

O tema recorrente á hora de formular as vantaxes da colaboración con Washington en temas de seguridade fai referencia ao visado esixido aos polacos por parte dos Estados Unidos para entrar no seu territorio. A cuestión xa foi tratada en 2002 ante a participación de Polonia na invasión de Iraq. Pero a esperada compensación non se produciu. É este o prezo que vai pagar o goberno de George W. Bush pola instalación do seu escudo antimísiles en territorio polaco?

Para terminar, hai que dicir que a reacción da Unión Europea en todo este proceso foi lenta e pouco decidida, pero deixa ver o malestar que, unha vez máis, a actuación de Polonia provocou no seu seo. Dende Bruxelas pediuse que o tema se tratase no marco da UE e da OTAN, en lugar de abordalo como un asunto estritamente bilateral. Tamén se avogou por unha solución de consenso cos países veciños, intentado que non se agrave o enfado manifestado por Rusia.

2. A promoción de democracia no leste: os casos de Ucraína e Bielorrusia

2.1. A participación de Polonia na “Revolución Laranxa”

En decembro de 2004, a chamada “Revolución Laranxa” contou entre o seus protagonistas co daquela polaco Krzysztof Kwasniewski e o lendario líder de Solidarnosc, Lech Walesa. Ambos os dous apoiaron á oposición ucraína na súa petición de anular unhas eleccións consideradas fraudulentas, polas que o candidato oficial Viktor Yanukovich houbese accedido á presidencia do país. Tras a repetición dos comicios, o opositor Viktor Yushchenko fíxose coa presidencia de Ucraína, poñendo fin ao réxime falsamente democrático encabezado durante máis dunha década polo autoritario Leonid Kuchma.

A experiencia de Walesa nunha transición negociada e o talante conciliador de Kwasniewski tiveron a súa influencia nun momento moi delicado. Por entón, as dúas partes enfrontadas contaban cuns apoios a nivel nacional, localizados xeograficamente no territorio do seu país, e tamén a nivel internacional.

Estes últimos foron decisivos á hora de determinar o éxito da “Revolución Laranxa”, apoiada por Estados Unidos e a UE e, dun xeito especial, por Polonia⁽¹²⁾. Doutro bando atopábase Rusia, quen apoiou sen reservas a inicial vitoria de Yanukovich, a pesar das insistentes denuncias de fraude electoral. Para Moscova era vital

(12) Por desgraza, os resultados reais da “Revolución Laranxa” teñen pouco que ver co discurso simplificado e incompleto difundido polos medios de comunicación. Dous anos despois da mobilización popular, o que caracteriza a situación en Ucraína é o deterioro económico, a corrupción en todos os ámbitos, as disputas internas entre as formacións “laranxas” e a polarización dentro do Estado. Como xa ocorrera en 2004, a parte máis oriental de Ucraína segue apoiando á antiga elite prorrusa, mentres a occidental amósase máis proclive á política proccidental mantida por Yúshchenko. As dúas últimas eleccións xerais (a máis recente, celebrada de maneira anticipada en setembro de 2007) mostraron claramente esta dualidade. Ao anterior, hai que lle engadir que a nova elite política procede tamén do réxime anterior e que as súas actuacións resultaron nalgunhas ocasións autoritarias e pouco respectuosas co suposto novo estado de dereito. Sumámonos para concluír coa afirmación de Carlos Taibo, cando sinala: “o fracaso da Revolución Laranxa non debe, en algún modo, conducir a unha consideración benévola do que houbo antes desta”. TAIBO, Carlos: *Rusia en la era de Putin*, Los Libros de la Catarata, Madrid 2006, p238.

manter en Ucraína unha política herdeira a de Kuchma, principal garantía da permanencia dócil deste país dentro da área de influencia rusa.

Con esta actuación, Varsovia buscou demostrar que pode desempeñar un papel activo na democratización dos novos veciños orientais da UE, tentando ademais afianzar a súa posición nas súas sempre complicadas relacións con Moscova. Ademais, os sucesivos gobernos polacos expresaron a seu claro apoio ao ingreso de Ucraína tanto na OTAN coma na UE nun futuro próximo.

Por parte do actual presidente ucraíno Viktor Yushchenko tamén manifestou abertamente a intención de desenvolver unha política exterior de achegamento a Bruxelas e Washington. Isto significa que Ucraína téntase liberar da política paternalista tradicionalmente desenvolvida por parte de Moscova en relación a este país.

Nin dicir ten que a carta xogada por Varsovia en Ucraína oponse claramente aos intereses de Rusia. Esta respondeu castigando a Polonia no terreo económico, como imos ver máis adiante.

O mesmo fixo con Ucraína. A principios de 2006, Moscova aplicou un importante aumento ao prezo do gas ruso exportado a este país. Naquela primeira subida fixou un prezo de 95 dólares por cada 1.000 metros cúbicos, fronte aos 50 dólares pagados antes. Pero a devandita tarifa, que foi incrementada meses máis tarde, seguía sendo moi inferior aos 230 dólares que pagaban entón os outros clientes, como Austria⁽¹³⁾.

En xuño de 2006, e ao longo dun encontro cos directores das principais axencias informativas de todo o mundo, o presidente Putin afirmou sen mexericadas que se Kiev conta con novos aliados, son estes os que lle deberían proporcionar o gas a prezo subvencionado, tal como fixo Rusia durante anos.

O asunto é relevante para a UE, xa que a resposta de Ucraína perante a crise foi o de deixar de bombear o gas ruso que a través dos grandes gasodutos atravesaba o seu territorio para chegar á maioría dos países europeos.

2.2. O illamento de Bielorrusia

No caso de Bielorrusia, a estratexia de Polonia foi tamén de claro apoio á oposición, que na actualidade sofre a opresión dun réxime controlado con man de ferro polo presidente Aleksandr Lukashenka.

Dende Varsovia apoiouse as actuacións disidentes, tanto dende o ámbito político como dende o mundo da cultura ou das organizacións non gobernamentais. Así, as principais institucións públicas polacas invitaron os líderes da oposición bielorrusa, as universidades polacas acolleron a obra de intelectuais perseguidos no país veciño, creáronse programas de bolsas para que os mozos de Bielorrusia estuden nas universidades de Polonia e, dende numerosas asociacións, téntase colaborar coas poucas organizacións que funcionan á marxe do réxime de Minsk. No sur de Polonia, por exemplo, emite unha emisora en bielorruso, a cal ten como obxectivo a promoción da oposición a Lukashenka e na cidade polaca de Bialystok ten lugar o único festival de rock bielorruso existente.

(13) *Black-Belt Ambitions, Orange-Belt Throw*, Transitions Online (<http://www.tol.cz/>), 9 de xaneiro de 2006.

Un capítulo á parte merece o apoio brindado á chamada Unión Bielorrusa de Polacos, que dende 2005 foi obxecto dunha especial persecución. Nese ano o líder desta organización, elixido democraticamente polos seus membros, foi destituído polo propio presidente bielorruso, quen se encargou persoalmente de substituílo por un candidato máis adecuado para os seus intereses.

En xeral, e fronte ao illamento ao que a Unión Europea someteu ao réxime de Lukashenka⁽¹⁴⁾, Polonia optou por pasar ocasionalmente da “política do pau” á de “cenoria”. Ante a imposibilidade de colaborar co goberno bielorruso, os intentos de achegamento dirixíronse á sociedade civil dese país e estiveron centrados na mobilización fronte á falta de liberdade predominante. Os sucesivos gobernos polacos mantiveron a tese de que someter a Bielorrusia ao ostracismo podería só servir para alimentar o autoritarismo reinante no país veciño.

Pero en Bielorrusia obsérvase unha serie de factores que fan difícil a caída de Lukashenka. O primeiro é o férreo control que mantén sobre os medios de comunicación, que transmiten á opinión pública a idea de que calquera mudanza levaría ao país a unha situación desastrosa. O segundo ten que ver coa debilidade da oposición, que se concentra nas zonas urbanas e tan só está presente no ámbito rural, maioritario no país. Ademais, ata agora, o movemento opositor careceu de organización suficiente e de capacidade de formar un fronte común. Por último, a economía bielorrusa experimentou un importante despegue, se ben o seu crecemento é conxuntural e resultado da recuperación da economía rusa da que depende totalmente.

Desde a caída da Unión Soviética, Rusia contou en Bielorrusia co seu principal aliado. Este país, gobernado desde os primeiros momentos da súa independencia polo mencionado Lukashenka, nunca amosou unha actitude disidente respecto das directrices marcadas polo Kremlin. Pola súa banda, Moscova tampouco elevou nin unha soa crítica ante as actuacións antidemocráticas levadas a cabo polo presidente bielorruso, entre elas a disolución do Parlamento en 1997.

Tras o ocorrido en Ucraína, Moscova redobrou os seus esforzos para manter a Bielorrusia dentro do seu círculo de aliados. A pesar disto, os prezos das materias primas enerxéticas experimentaron un incremento para Minsk, aínda que en menor medida que o sufrido por outros países veciños, como Ucraína.

3. Falta de cooperación no ámbito económico

3.1. O boicot ás exportacións polacas

Un dos puntos da fricción entre Polonia e a Federación Rusa, que ademais afectou ás relacións entre Varsovia e Bruxelas, céntrase no veto dos produtos agrope-

(14) Entre as medidas da UE, neste último sentido destacan: a suspensión do Acordo de Colaboración e Cooperación con Bielorrusia, a súa exclusión da Política de Euroveciñanza e a prohibición de determinados cargos públicos bielorrusos de viaxar á UE. Ademais, no 2005 o Parlamento europeo emitiu unha declaración en que denunciaba o carácter ditatorial do réxime de Minsk.

cuarios polacos mantido por Moscova dende novembro de 2005. Dita medida xustificouse nun principio pola suposta infracción dunha serie de normas veterinarias e fitosanitarias por parte de Polonia. Pero, segundo comprobaron os técnicos da propia UE tal argumento non se sostén.

O boicot dáse máis ben polas rivalidades políticas entre ambos, avivadas tras o mencionado apoio de Varsovia á “Revolución Laranxa” ucraína, en contra dos intereses de Moscova.

En realidade as tensións viñan de lonxe. No ano 2003, a futura adhesión de Polonia á UE obrigou a este país a rescindir algúns acordos bilaterais con Rusia. Tras o ingreso de Polonia na UE xurdiron as maiores dificultades, centradas xa nos produtos agropecuarios. Moscova esixiu examinar as fábricas en que eses produtos eran transformados. En novembro de 2005 establecéronse as primeiras restricións.

As tensións persisten ata hoxe. En decembro de 2006, Polonia boicoteou o cumio que tiña que se celebrar entre a UE e Rusia, ata que Moscova abandonase o veto sobre as exportacións agropecuarias polacas. Ao final, dito encontro celebrouse, pero non se trataron cuestións fundamentais, como a enerxética para evitar dito complot. Tampouco se puido negociar un novo Acordo de Asociación e Cooperación (ACC) para Rusia.

En outubro de 2007, un novo cumio rematou coa mesma falta de resultados. O ACC asinado en 1994 acaba de expirar e, aínda que dun xeito preventivo se prolongou por un ano, as intencións de afondar e ampliar as relacións comerciais con Moscova volveron a fracasar. A cuestión, polo tanto, segue pendente.

3.2. O subministro da enerxía: o gasoduto Norte

O anterior goberno polaco estableceu como unha das súas prioridades a de asegurar no futuro o subministro enerxético que necesitará Polonia. Para iso, consideraba esencial reducir a súa dependencia respecto de Rusia. Esta cifrábase nun 90% das importacións de petróleo en un 60% das de gas natural⁽¹⁵⁾. O gabinete de Jaroslaw Kaczynski buscou alternativas noutros países e noutras fontes distintas do gas e do petróleo, como a enerxía nuclear.

Os mencionados conflitos ao redor do subministro de gas ruso a Ucraína e Bielorrusia e a súa repercusión na UE fixeron patente a gravidade desta cuestión. Fronte aos grandes socios europeos, como Alemaña, partidarios de manter a dependencia enerxética respecto de Rusia, Polonia marcou como un dos seus principais obxectivos a procura doutros subministradores e tamén doutros subministrados de enerxía.

O actual gabinete de corte liberal aínda non tivo tempo de se pronunciar sobre a política enerxética que planea levar a cabo. Pero é de esperar que afonde

(15) Polska Agencja Prasowa (<http://www.pap.com.pl/>), 4 de xaneiro de 2006. O principal provedor é a empresa rusa Gazprom. O segundo é RosUkrEnergo, rexistrada en Suíza pero controlada tamén por Gazprom. A través desta recibe gas natural de Asia Central. Un 10% do gas impórtase de Noruega e Alemaña e unha porcentaxe moi pequena e a un prezo moi barato de Ucraína.

nalgunhas das iniciativas xa postas en marcha, como a construción dunha nova central nuclear na localidade lituana de Ignalina⁽¹⁶⁾, na que participa tamén o resto dos países bálticos. Sobre estes últimos, aínda non se asinou un acordo, os catro estados levan tres anos negociando sobre a capacidade de producir electricidade que debe ter a nova central. As necesidades de Polonia, cun territorio e unha poboación moito maiores que os de Estonia, Letonia e Lituania, foron ata agora o seu principal escollo. A UE investirá na nova central de Ignalina un total de 135 millóns de euros⁽¹⁷⁾.

3.2.1. O conflito en torno ao gasoduto Norte

Unha das cuestións máis polémicas a este respecto ten que ver coa construción do chamado gasoduto Norte. Esta gran obra de enxeñería unirá Siberia co porto alemán de Greifswald e estará terminada no 2010. O seu percorrido discorre a través do mar Báltico.

Este percorrido non é o previsto nun principio, xa que nos momentos iniciais do proxecto se planeou que o gasoduto atravesase o territorio polaco. Pero a imposibilidade de alcanzar un consenso entre os tres países terminou marxinando a Polonia. Esta resolución causou a indignación do presidente Kaczynski, quen declarou que o feito lembraba momentos tan críticos da súa historia como o pacto secreto Ribbentrop-Molotov de 1939, entre a Alemaña nazi e a Rusia soviética. É certo que, deste modo, Varsovia perde a posibilidade de exercer certa influencia sobre este subministro, o cal réstalle capacidade de presión, así como os ingresos derivados das correspondentes taxas⁽¹⁸⁾.

As posteriores declaracións por parte de Rusia para implicar a Polonia no proxecto foron rexeitadas polo anterior goberno polaco. A principios de 2007, Putin declarou a súa vontade de construír un ramal na localidade alemá de Wilhelmshafen, no mar do Norte, que puidese asegurar o subministro de gas a Polonia. Agora queda por ver se o novo gabinete de Tusk é máis receptivo á proposta de Moscova.

Mercedes Herrero de la Fuente é profesora asociada de xornalismo internacional na Universidade Antonio de Nebrija (Madrid) e traballa nos informativos de Telemadrid. Autora de varios libros dedicados aos cambios en Europa oriental.

(16) A actual central de Ignalina deixará de funcionar a finais de 2009. O seu peche figuraba entre as condicións de ingreso de Lituania na UE. Para entón, este país esperaba conectarse á rede eléctrica comunitaria vía Polonia. Sobre a maneira de levar a cabo este último factor, aínda non se chegou a un acordo entre os gobernos lituano e polaco.

(17) Warsaw Voice (<http://www.warsawvoice.pl/>), 7 de outubro de 2007.

(18) Hai que sinalar que o ex-primeiro ministro alemán Gerhard Schröder promoveu esta opción xunto co presidente Vladimir Putin, tras converterse o primeiro nun dos principais directivos da empresa NEGP. Esta empresa está controlada nun 51% pola estatal rusa Gazprom e as enerxéticas alemás E.ON e BASF figuran tamén entre os seus principais accionistas. O novo cargo de Schröder foi obxecto de duras críticas en Alemaña e abriu no seu momento un acedo debate no Parlamento dese país. As obxeccións xurdiron incluso desde o propio Partido Socialdemócrata.